

ACTA NÚMERO 6: PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA (GRUPO A, SUBGRUPO A2), EN CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS DESCRITAS NO ARTIGO 10 DO EBEP E NO ARTIGO 23 DA LEPG

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Á PROBA PRÁCTICA. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS

Na Casa do Concello de Carballo, as 09:00 do día 19/02/2026, reúnen-se as persoas compoñentes do Tribunal constituído o día 15/01/2026 e que está a xulgar o procedemento de selección para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de traballo de técnico/a de administración xeral, escala de administración xeral, subescala técnica (grupo A, subgrupo A2), en calquera das circunstancias descritas no artigo 10 do EBEP e no artigo 23 da LEPG.

Asisten á sesión:

Presidencia:

- Carlos Collazo Martínez, xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo.

Vogalías:

- Carmen del Río Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.
- Juan Antonio Rey Rivas, tesoureiro do Concello de Carballo.
- Susana Mariño Lorenzo, xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.

Secretaría:

- Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello de Carballo.

Primeiro.- O día 13/02/2026 (RE núm. 202699900001115) Aracena Pose Souto solicita poder revisar o exame práctico realizado para comprobar a resposta que deu a un dos supostos prácticos. O código do seu exame é o SLG-6RO.

Segundo.- O día 16/02/2026, facilítaselle á interesada unha copia do seu exame.

Terceiro.- Procédese ao estudo da alegación que efectuou a interesada á cualificación publicada o día 12/02/2026, relativa ao segundo exercicio proba práctica, establecéndose o seguinte:

Número de alegación:	1
Número de rexistro de entrada:	202699900001179
Data de rexistro de entrada:	17/02/2026
Alegante	Aracena Pose Souto (código SLG-6RO)

Cuestión alegada:	<i>1º.- Suposto 1, pregunta 4 (valor 1 punto)</i> A redacción da pregunta emprega a expresión “nese suposto”, que pode entenderse referida tanto ao suposto inicial de incapacidade temporal como ao escenario alternativo formulado na pregunta anterior (excedencia por coidado de familiares). Na miña resposta desenvolvín a solución xurídica referida ao suposto inicial, aplicando a normativa correspondente. Ao existir unha posible interpretación do enunciado e conter a resposta análise normativa vinculada ao caso principal, solicito que se revise a valoración desta pregunta. <i>2º.- Suposto 2, segundo apartado (compatibilidade) (valor 4 puntos)</i> Na miña resposta citei expresamente os artigos 2.2 e 14 da Lei 53/1984, analicei a necesidade de autorización mediante resolución motivada, a competencia do órgano correspondente, o prazo legal e a inexistencia de solapamento horario, así como a imposibilidade de modificación da xornada. Considero que a resposta contén aplicación da normativa e análise do caso concreto, polo que solicito que se revise a puntuación outorgada a este apartado a efectos de posible valoración parcial.
Resolución	<u>Primeiro suposto, pregunta 4</u> Nesta pregunta tratábase de verificar o coñecemento por parte dos aspirantes do diferente réxime xurídico aplicable cando unha persoa se reincorpora dunha incapacidade temporal e cando se incorpora dunha excedencia e os efectos que implica sobre o dereito a vacacións e o permiso de asuntos particulares. A cuarta pregunta formulase a raíz da realizada en terceiro lugar, que alteraba o suposto de feito e preguntaba se a funcionaria tería dereito ao desfrute das vacacións non desfrutadas nos anos 2024 e 2025 en caso de excedencia por coidado de familiares; e, nese suposto, é dicir, de ter dereito as vacacións durante eses anos, cantos días corresponderíanlle por vacacións e por asuntos particulares. O tribunal desestima a alegación formulada ao considerar que a pregunta está correctamente formulada. <u>Suposto dous, segunda pregunta:</u> Neste caso, pretendíase non só a análise da compatibilidade ou non do exercicio dunha actividade privada cando se

	desenvolve un traballo no sector público, senón tamén razoar sobre a posibilidade de exercer esa actividade no suposto de estar desfrutando dunha redución de xornada, aspecto que a interesada nin trata nin plantexa, a pesares do teor literal do enunciado da cuestión. Por outra banda, a interesada é certo que cita o artigo 2.2 da Lei 53/1984 referido ao ámbito de aplicación da lei de incompatibilidades, e o artigo 14 da mesma lei relativo ao procedemento (que cita sucintamente) se ben non razoa o porqué sería autorizable a compatibilidade limitándose a afirmar que <i>“sería autorizable la compatibilidad solicitada”</i>, sen explicar por que motivo chega a esa conclusión, e que <i>“la compatibilidad no podrá modificar la jornada de trabajo y horario del interesado”</i>, sen analizar se no suposto esa xornada e horario sería compatibilizable. O tribunal estima parcialmente a alegación e outorga unha puntuación de 0.25 pola sucinta cita de normativa.
--	---

Segundo.- Anéxanse a esta acta as cualificacións definitivas do segundo exercicio proba práctica.

Terceiro.- Acórdase abrir os códigos identificativos o día 20/02/2026 ás 9:00 horas no salón de Plenos do Concello de Carballo.

Cuarto.- Acordase realizar o terceiro exercicio, obrigatorio e non eliminatorio, competencias dixitais, o día 24/02/2026, ás 10:30 h, no salón de Plenos do Concello de Carballo. As persoas que deben comparecer a realización deste exame son as seguintes:

Alfonso	Serena	***9271**
Braña Seijo	Noemí	***7371**
Cancela Cotelo	Ana María	***5343**
Dacosta González	Paula	***8218**
Espiñeira Esmorís	Estela María	***3364**
Fernández Núñez	Mireia	***3614**
Fraguela Gómez	Gema Paloma	***0987**
González Cardalda	José Luis	***9666**
Irigoyen Vázquez	Sergio	***5547**
Lema Álvarez	Nuria Milagros	***0189**
Posado Velado	Laura	***8631**
Suárez Pose	Sergio	***9420**
Villar Aldao	Alejandro José	***7300**

Non habendo máis asuntos que tratar a Presidencia rematou a sesión ás 09:25 horas, estendéndose esta acta da que eu, secretaria, dou fe.

O presidente do Tribunal

A secretaria

ANEXO. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS SEGUNDO EXERCICIO PROBA PRÁCTICA		
ASPIRANTE/CÓDIGO	CUALIFICACIÓNS	TOTAL
SLG-6R0	Suposto 1: 2,5+1,5+1+0 Suposto 2: 0+0,25 Suposto 3: 0+0+0.25 Suposto 4: 5+1.5	12
49R-OTY	Suposto 1: 3+1.75+2+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 1+0+0 Suposto 4: 0+0	8
48K-U2D	Suposto 1: 3+1.5+2+1 Suposto 2: 1+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 0+0	8.50
IH6-M74	Suposto 1: 3+0+1.25+2 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 0+0	6.25
9D5-LHD	Suposto 1: 3+1+1.25+0 Suposto 2: 0+1 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 0+0	6.25
56I-Y6K	Suposto 1: 0+0+0.25+0 Suposto 2: 0.25+1 Suposto 3: 3.5+0.5+0 Suposto 4: 5+0	10.50
HIY-6VF	Suposto 1: 3+0+2+0 Suposto 2: 0.25+0.25 Suposto 3: 1.5+0+0 Suposto 4: 5+1.5	13.50
1OZ-ID4	Suposto 1: 3+1+1.75+0 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 5+0.5	11.25
3B3-G5Y	Suposto 1: 3+1.25+0+0 Suposto 2: 0+3 Suposto 3: 3.5+0+0 Suposto 4: 0+0	10.75
6GR-ZCU	Suposto 1: 3+1.25+1.75+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 3+0	9.25
OPP-X3D	Suposto 1: 3+0.5+2+2 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 4+0.5+0.25 Suposto 4: 0+0	12.50
AEH-BB8	Suposto 1: 3+1.75+1+0 Suposto 2: 1+0.5 Suposto 3: 1+0.5+0 Suposto 4: 5+1.5	15.25
7NM-ITF	Suposto 1: 3+1.25+1.5+0 Suposto 2: 0+0.25	7

	Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 1+0	
9C8-E1Q	Suposto 1: 1.5+0.75+0+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 0+0	2.50
NA7-HAA	Suposto 1: 0+0+0+0 Suposto 2: 0+0.5 Suposto 3: 0+0+0.25 Suposto 4: 1+1	2.75
XB1-C6U	Suposto 1: 2.75+0+1.75+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 0.25+0+0 Suposto 4: 2+0	7
XG2-F0T	Suposto 1: 3+0+0+0 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 3+2.5	8.50
QGX-0DY	Suposto 1: 3+1+0.25+0.25 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 5+0	9.50
NIU-IP7	Suposto 1: 0.25+0+0.75+0 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 1.5+0+0 Suposto 4: 1+0.25	3.75